

GALEGO

REDE DE
**MUSEOS
MUNICIPAIS**
DE LUGO



REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS DE LUGO

Lugo é unha cidade con gran riqueza cultural e patrimonial en parte, grazas ás orixes romanas e á gran cantidade de xacementos e restos romanos que aínda podemos ver baixo o noso solo. Pero a ampla rede museística municipal é moito máis e tamén alberga exposicións sobre a memoria histórica ou mostras más contemporáneas e/ou vanguardistas.

O Concello de Lugo é o encargado de realizar a xestión da rede municipal de museos, integrada na actualidade por un total de 5 centros expositivos e un centro cultural e social. Visítaos!

Lugo

Altitude: 465 m
Nº hab.: 99.000




Distancias quilométricas

A Coruña: 98 Km
Santiago de Compostela: 105 Km
Ourense: 97 Km

Pontevedra: 192 Km
Vigo: 218 Km
Madrid: 510 Km





- 1** Casa dos Mosaicos
 - 2** Centro de Interpretación da Muralla
 - 3** Sala de exposicións Porta Miñá
 - 4** Centro Arqueolóxico de San Roque
 - 5** Museo Interactivo da Historia de Lugo
 - 6** Domus do Mitreo
 - 7** Centro Social e Cultural O Vello Cárcere
 -  Patrimonio da Humanidade
 -  Acceso á muralla por escaleiras
 -  Acceso á muralla por ascensor
 -  Acceso á muralla por rampa
 -  Porta muralla
 -  Aparcadoiros públicos
 -  Aparcadoiros reservados
 -  Camiño de Santiago
 -  Punto Información Turística de verán


1



A CASA DOS MOSAICOS

A Casa dos Mosaicos ou *Domus Oceani*, cuxo nome obedece ao magnífico mosaico coa cabeza do deus Océanos descuberto nesta mesma rúa Dr. Castro (antes denominada de Batitais) en 1842, está integrada polos restos pertencentes a unha gran *domus* ou residencia señorial, datada a finais do século III ou principios do IV d.C., de notables dimensíons e ricamente ornamentada.

Situada no centro da cidade, moi preto do antigo foro, dela podemos apreciar parte dalgunhas das súas dependencias, como a gran sala de recepción (*oecus*) e a súa



antesala, ambas pavimentadas con mosaicos de extraordinaria calidade (parte dos cales tamén podemos contemplar baixo o pavimento da rúa), un *triclinium* ou salón de inverno con *hypocaustum* que aseguraba a súa calefacción, os restos dun patio interior porticado e outros ámbitos menores.

Destacan tamén os vestixios de pintura mural que decoraban algunas das súas salas. Outros restos da mesma casa pódense ver tamén baixo o piso do establecemento comercial do lado.



Rúa Doutor Castro 20/22. Lugo

+info:

982 251 658

lugoturismo@concellodelugo.org

lugo.gal

2

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA (CIM)

O Centro de Interpretación da Muralla está situado na praza do Campo, no centro histórico da cidade. É un edificio entre medianeiras de planta baixa, dos pisos e baixo cuberto, cuxas orixes de construcción se remontan a comezos do século XVIII. Na planta baixa está a zona de recepción e espazo de acollida do visitante.

Coa súa declaración como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000, a Muralla obtivo un recoñecemento institucional que se viu reflectido coa creación deste



espazo que lle axudará a dialogar co viaxeiro, e que lle proporciona unha porta cara o coñecemento do seu pasado.

Con este equipamento a cidade abriu unha nova porta que desvela os secretos da vella muralla mostrando os diferentes aspectos da mesma, desde as súas características construtivas, a súa historia ou os seus múltiples usos, cunha perspectiva máis social e lúdica, e que podemos coñecer nunha visita polas plantas superiores do centro.



Praza do Campo 11. Lugo

+info:

982 251 658

lugoturismo@concellodelugo.org

lugo.gal

2



3

SALA DE EXPOSICIÓNNS PORTA MIÑÁ

A sala de Exposicións Porta Miñá, antigo matadoiro do século XIX rehabilitado para tal fin, atópase situada fronte á porta da Muralla da que recibe o seu nome. Acolle na actualidade unha mostra permanente sobre Lugo Romano.

É esta unha ampla exposición que leva ao visitante ao longo dunha viaxe histórica con paradas nas catro etapas fundamentais do Lugo romano: as orixes, o esplendor, a fortificación da cidade e o seu ocaso. Un discurso expositivo no que trata



de transmitir como era a imaxe da antiga cidade de *Lucus Augusti*, desde as súas orixes no século I a.C. ata o seu declive a finais do século V d.C. Para iso se utiliza como recurso expositivo toda unha serie de elementos gráficos que dan conta dos principais aspectos da antiga cidade romana, coñecidos a través das numerosas intervencións arqueolóxicas realizadas nos últimos anos, e unha selecta pero ampla mostra dos obxectos máis atractivos e elocuentes como manifestacións da vida cotiá do Lugo romano.



Rúa do Carme s/n. Lugo

+info:

📞 982 251 658

✉️ lugoturismo@concellodelugo.org

🌐 lugo.gal



5



4

CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE

Conxunto arqueolóxico situado a escasos metros da muralla, ao lado da capela de San Roque, integrado polos restos dun cemiterio romano, un estanque cultural e un forno cerámico tardío, todos eles vinculados á súa vez ao paso da vía romana XIX/XX.

Consérvanse dúas tumbas pertencentes a unha gran necrópole que se mantivo activa ao longo de cinco séculos, documentando a presenza dos ritos funerarios de incineración e inhumación.

Ao carón da necrópole e da vía de acceso, construíuse, en torno ao



século I d.C., un gran estanque de auga en *opus caementicium* (formigón romano), que estaría en relación co propio culto funerario ou quizais con algún culto relixioso máis complexo, no cal poderían estar presentes certas divindades orientais, segundo se traduce dos simbolismos dos relevos por onde circula o auga.

A presenza dun forno adicado á fabricación de material cerámico testemuña o uso industrial ao que se dedicou esta zona nas postremeiras do século V d.C.



Rúa Emilia Pardo Bazán s/n
Xardíns de San Roque. Lugo

+info:

📞 982 251 658

✉ lugoturismo@concellodelugo.org

🌐 lugo.gal

7



5

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL)

Coñecido baixo o acrónimo de MIHL, este moderno edificio, convertido en referente internacional da arquitectura contemporánea, alberga un contido expositivo permanente de carácter audiovisual que repasa a evolución histórica da cidade de Lugo.

A súa exposición permanente acolle, entre outras, unha mostra sobre o Lugo romano, na que se pretende dar unha visión desta etapa da cidade mediante o recurso de audiovisuais,



maquetas interactivas e paneis, xunto cunha pequena selección de pezas arqueolóxicas entre as que destaca o monólito granítico que recolle a inscrición fundacional da cidade, mandado levantar por Paulo Fabio Máximo en honor do emperador Augusto, entre os anos quince e trece antes de Cristo.

Tamén se exhiben outras pezas de interese, como unha máscara teatral de terracota e un conxunto de pezas epigráficas e cerámicas.



Parque da Milagrosa, Lugo

+info:

📞 982 251 658

✉ lugoturismo@concellodelugo.org

🌐 lugo.gal

Para visitas de grupo requírese cita

6

A DOMUS DO MITREO

Conxunto arqueolóxico que constitúe un dos espazos mellor conservados da antiga *Lucus Augusti* e no que se poden visitar os restos dunha gran casa romana que foi parcialmente destruída pola Muralla e tamén dun templo dedicado ao deus Mitra.

Este Museo xestionado pola Universidade de Santiago, é un exemplo excepcional da historia urbana da cidade de Lugo. Nun espazo duns 700 m² agrúpanse



diversos restos arqueolóxicos cuxa interpretación permite coñecer aspectos de gran interese acerca da evolución da nosa cidade, tanto no período romano como en épocas posteriores.

Na planta subterránea exhibéntense diferentes elementos da época romana que saíron á luz tras a escavación: *domus* da época altoimperial (1º cuarto do século I a.C.-270 d.C), muro da Muralla orixinal e templo mitraico.



Praza Pío XII 3. Lugo

Visitas e reservas:

📞 982 851 513

✉️ cultura.lugo@usc.es

🌐 www.usc.gal/domus

7

CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

A Antiga Cárcere do Partido Xudicial de Lugo é un fermoso edificio proxectado polo arquitecto Nemesio Cobreros y Cuevillas en 1878 segundo os criterios de mellora que introduciron as primeiras Cárceres Modelo, aínda así, habitadas polo homes e mulleres que apenas se ven e que son controlados desde o centro dun impresionante espazo circular. Trátase da segunda Cárcere Modelo do Estado, onde se primaba a individualización do preso fronte aos anteriores sistemas de aglomeración.



O edificio goza hoxe dunha nova vida reconvertido en espazo de referencia turística e cultural da cidade. A súa recuperación como Centro Cultural e Social, permite a súa incorporación, no só como dotación dinamizadora de actividades, senón tamén, a través do acceso libre aos seus patios, como un novo espazo público da cidade, ata agora descoñecido e oculto para a maior parte dos cidadáns.



Praza da Constitución s/n. Lugo

+info:

982 297 195

vellocarcere@concellodelugo.org

Entrada gratuita

Visitas guiadas con inscrición previa no 982 297 195

/// CASA DOS MOSAICOS ///

/// CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE ///

/// SALA DE EXPOSICIÓN PORTA MIÑA ///

/// MIHL ///

INVERNO

Do 01/01 ao 31/05
e do 15/10 ao 31/12
De martes a venres
10:00 - 13:30 h
16:00 - 19:30 h
Sábados, domingos e festivos
10:00 - 14:00 h
16:30 - 19:30 h

Pechados os luns
excepto festivos

SEMANA SANTA

Dende a véspera do
Domingo de Ramos ata o
Domingo de Resurrección
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:30 - 20:30 h

VERÁN

Do 01/06 ao 14/10
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:30 - 20:30 h

NADAL

Do 20/12 ao 06/01
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:30 - 20:30 h
Pechados os días
24, 25 e 31 de decembro
01 e o 06 de xaneiro

**DÍA INTERNACIONAL
DOS MUSEOS**

18 de maio
10:00 - 20:00 h (continuo)

ARDE LUCUS

Xoves e venres
10:00 - 14:00 h
16:00 - 22:00 h
Sábado
10:00 - 22:00 h
Domingo
10:00 - 20:00 h

/// PUNTO INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VERÁN ///

VERÁN

Do 01/06 ao
14/10
Todos os días
10:00 - 20:00 h

ARDE LUCUS

Xoves, venres
e sábado
10:00 - 22:00 h
Domingo
10:00 - 20:00 h

SAN FROLÁN

Fin de semana
e festivos
10:00 - 22:00 h
Resto días
10:00 - 20:00 h

**/// OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO
E CENTRO DE INTERPRETACIÓN
DA MURALLA (CIM) ///**

INVERNO

Do 01/01 ao 31/05
e do 15/10 ao 31/12

Oficina Turismo:

Todos os días
10:00 - 18:00 h
CIM:
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:00 - 18:00 h

SEMANA SANTA

Dende a véspera do
Domingo de Ramos ata o
Domingo de Resurrección

Oficina Turismo:

Todos os días
10:00 - 20:00 h
CIM:
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:00 - 20:00 h

VERÁN

Do 01/06 ao 14/10
Oficina Turismo:

Todos os días
10:00 - 20:00 h
CIM:
Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:00 - 20:00 h

NADAL

Do 20/12 ao 06/01
Oficina Turismo:

Todos os días
10:00 - 20:00 h
24 e 31 de decembro
10:00 - 14:00 h
Pechado:
25 de decembro
01 e o 06 de xaneiro
CIM:

Todos os días
10:00 - 14:00 h
16:00 - 20:00 h
Pechado:
24, 25 e 31 decembro
01 e o 06 de xaneiro

**DÍA INTERNACIONAL
DOS MUSEOS**

18 de maio
10:00 - 18:00 h (continuo)

ARDE LUCUS

Xoves, venres e sábado
10:00 - 22:00 h
Domingo
10:00 - 20:00 h

CIM:

Xoves e venres
10:00 - 14:00 h
16:00 - 22:00 h
Sábado
10:00 - 22:00 h
Domingo
10:00 - 20:00 h

/// A DOMUS DO MITREO ///

INVERNO

Do 14/09 ao 24/06
Martes a sábado

11:00 - 14:00 h
17:00 - 20:00 h

VERÁN

Do 25/06 ao 13/09
Martes a sábado

11:00 - 14:00 h
17:00 - 21:00 h

Domingos e festivos
11:00 - 14:00 h
Pechado:


Todos os luns do ano
01 e 06 de xaneiro
01 de maio
24, 25 e 31 de decembro



Ven;
é
Lugo

lugo
Turismo de Lugo

Descarga a App "Aumentar Lugo" e coñece a cidade a través de realidade aumentada co noso guía turístico virtual.



Descarga a App "Lugo Turismo".
Toda a información turística de Lugo na túa man!

[fb.com/LugoTurismo](https://www.facebook.com/LugoTurismo)

[@lugoturismo](https://twitter.com/lugoturismo)

www.lugo.gal